



CONCELLO
DA GUARDA

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 30 DE MAIO DE 2017.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as oito horas e corenta e cinco minutos do día 30 de maio de dous mil dezasete, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. Antonio Lomba Baz, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- **D^a. Montserrat Magallanes Alvarez**
- **D. Miguel A. Español Otero**
- **D. Manuel Javier Crespo Gonzalez**
- **D^a. Teresa Vicente Baz**
- **D. Paulino Rodríguez Gonzalez**

Asiste como Secretaria a do Concello D^a. Raquel Duarte Núñez.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- EXPEDIENTE 748/2017. PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO

Visto o informe-proposta da traballadora social de data 18.05.2017, que literalmente di:

“PROPOSTA DE APROBACIÓN DE ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

**SOLEDAD RODRÍGUEZ CRESPO, TRABALLADORA SOCIAL DOS SERVIZOS SOCIAIS
COMUNTARIOS DO CONCELLO DE A GUARDA**

Informa:

En relación ao expediente relativo a solicitude de prestación do servizo de axuda no fogar e á vista da documentación obrante no mesmo, emito o seguinte informe-proposta de resolución

Antecedentes:

Primeiro: Con data 28 abril del 2017, Dna. María Josefa Martínez Martínez presentou unha solicitude para a prestación do Servizo de axuda no fogar.

Segundo: emítese informe social pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios do concello de A Guarda acerca da valoración da situación de necesidade do/a solicitante.

Lexislación aplicable:

Ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do concello de A Guarda publicada o 24 de abril de 2014.



Informe- proposta de resolución:

Conceder a prestación do servizo de axuda no fogar a María Josefa Martínez Martínez entrando na lista de agarda segundo a puntuación acadada para a prestación do servizo de axuda no fogar.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

PUNTO 2.- EXPEDIENTE 848/2017. PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO

Visto o informe-proposta da traballadora social de data 16.05.2017, que literalmente di:

“ PROPOSTA DE APROBACIÓN DE ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

SOLEDAD RODRÍGUEZ CRESPO, TRABALLADORA SOCIAL DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNTARIOS DO CONCELLO DE A GUARDA

Informa:

En relación ao expediente relativo a solicitude de prestación do servizo de axuda no fogar e á vista da documentación obrante no mesmo, emito o seguinte informe-proposta de resolución

Antecedentes:

Primeiro: Con data 8 maio do 2017, Dna. Emilia Lomba Cadilla presentou unha solicitude para a prestación do Servizo de axuda no fogar.

Segundo: emítese informe social pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios do concello de A Guarda acerca da valoración da situación de necesidade do/a solicitante.

Lexislación aplicable:

Ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do concello de A Guarda publicada o 24 de abril de 2014.

Informe- proposta de resolución:

Conceder a prestación do servizo de axuda no fogar a Emilia Lomba Cadilla con carácter urxente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.



PUNTO 3.- EXPEDIENTE 916/2017. PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO

Visto o informe-proposta da traballadora social de data 18.05.2017, que literalmente di:

“ PROPOSTA DE APROBACIÓN DE ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

SOLEDAD RODRÍGUEZ CRESPO, TRABALLADORA SOCIAL DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNTARIOS DO CONCELLO DE A GUARDA

Informa:

En relación ao expediente relativo a solicitude de prestación do servizo de axuda no fogar e á vista da documentación obrante no mesmo, emito o seguinte informe-proposta de resolución

Antecedentes:

Primeiro: Con data 15 maio del 2017, Dna. Amparo Ferreira Álvarez presentou unha solicitude para a prestación do Servizo de axuda no fogar.

Segundo: emítese informe social pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios do concello de A Guarda acerca da valoración da situación de necesidade do/a solicitante.

Lexislación aplicable:

Ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do concello de A Guarda publicada o 24 de abril de 2014.

Informe- proposta de resolución:

Conceder a prestación do servizo de axuda no fogar a Amparo Ferreira Álvarez con carácter urxente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

A continuación, polo Sr. Alcalde dase conta á Xunta de Goberno Local dos seguintes puntos:

- RECEPCIÓN DA PROPOSTA DE MOBILIDADE NO NÚCLEO URBANO DA GUARDA”



Dase conta á Xunta de Goberno Local da recepción da “Proposta de Mobilidade do núcleo urbano de A guarda”, remitido pola Deputación Provincial de Pontevedra (R.E. 3075 do 25.05.2017)

- RECEPCIÓN OFICIAL NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

Dase conta á Xunta de Goberno Local da recepción oficial que vai ter lugar o 01.06.2017 por parte da Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra ao Alcalde e ó clube Balonmán Atlético Guardés.

- DESCUBRIMENTO DE PLACAS

Dase conta á Xunta de Goberno Local do apoio por parte do Concello á solicitude de Peña Celtista do Baixo Miño para o descubrimento da placas da Rúa Vigo e Rúa Celta.

- SINATURA DE CONVENIO COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

Dase conta á Xunta de Goberno Local da sinatura o día 09.06.2017 do convenio coa Deputación Provincial de Pontevedra para a inauguración na Praza do Reló dunha escultura conmemorativa do centenario do Masat.

- SOLICITUDE Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA DE REDACCIÓN DE PROXECTO PARA REFORMA E AMPLIACIÓN DO PAVILLÓN A SANGRIÑA

Dase conta á Xunta de Goberno Local da solicitude á Deputación Provincial de Pontevedra da redacción dun proxecto para a reforma e ampliación do Pavillón a Sangriña, ó que a Deputación accedeu verbalmente.

E Non habendo máis asuntos que tratar o Sr, Presidente da por rematada a sesión ás nove horas e trinta minutos do día da data, da que eu como secretaria dou fe.